

ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS PARA O PROCESO DE ADAPTACIÓN

- Non presentar ós nenos a escola cunha imaxe idealizada, para evitar expectativas irreais. Tampouco usar a escola como unha ameaza ou castigo (“xa verás cando vaias á escola”).
- Preparar aos pequenos para estar sen a familia durante un tempo: deixando que queden en ocasións ao cargo de familiares, compartindo tardes de xogo na casa doutros nenos, etc.
- Cando comezan a asistir á escola espertalos con tempo suficiente para almorzar e vestirse con calma, sen andar ás carreiras. Deste xeito respectaremos os horarios de entrada, permitindo que os nenos participen nas dinámicas e rutinas comúns.
- Recoller aos nenos con puntualidade para evitar frustracións e desgustos. Nestes intreos, acollelos afectuosamente pero obviando as súas queixas e interesándonos no que fixeron, nos novos compañeiros, etc.
- Cada neno e cada nena é singular e non caben comparacións co resto do grupo. Cada un necesita o seu tempo para adaptarse progresivamente á nova situación que supón a escolarización.
- Amosar seguridade e confianza na escola, aceptar a separación, expresar os sentimentos respecto do proceso e tentar aclarar as dúbidas que xurdan son actitudes que facilitarán o entendemento entre a familia e a escola.